

## XUVIA. A PRODUCCIÓN DA DERRADEIRA CASA DE MOEDA DE GALICIA

Por Ana Isabel BELLO PLATAS

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago

**Abstract:** To establish the amount of currency which must circulate in a country is one of the most important works which a Government has to face. The Junta Superior asks for a report which provides data about the amount of cooper coinage which is in circulation and how much is really necessary to be able to determine the production of Xuvia.

**Key words:** Minting, coin, copper.

### INTRODUCCIÓN

O documento que presentamos atópase no Arquivo do Reino de Galicia<sup>1</sup>. É un informe solicitado pola Xunta Superior do Reino co fin de fixar qué cantidade de moeda de cobre deberá acuñarse na Real Fábrica de Moeda de Xuvia.

Hai que ter en conta que existen unha gran variedade de fontes; testemuñas orais, prensa, fotografías, cartas e telegramas, mapas, todo tipo de libros, etc, que se atopan custodiados nos arquivos e bibliotecas e que son susceptibles de ser consultados puidendo ofrecer novos datos que axuden a completar os estudos sobre a Historia Contemporánea.

Non é a nosa pretensión facer un comentario exhaustivo do texto, máis ben queremos presentalo coa intención de que outros investigadores poidan extraer datos que permitan un mellor coñecemento deste período.

---

<sup>1</sup> Xuntas de Defensa e Armamento. J. D. G C44-C9.

## CONTEXTO HISTÓRICO

Sexa cal sexa o obxeto de estudio que co que se pretenda traballar é necesario coñecer o contexto social, económico e político no que se produce; este documento está asinado na Coruña o 5 de Junio de 1811.

Neste momento España está a vivir un dos períodos más importantes da súa historia. O suceso denominado pola historiografía como Guerra da Independencia vai supoñer o comezo dunha nova etapa na que se pretende a modificación das características propias do Antigo Réxime que, tralo estalido da Revolución Francesa algúns anos antes, está a vivir os seus derradeiros momentos en toda Europa.

Económicamente España presentábase como un país atrasado; o predominio da agricultura, a ausencia de industrialización, de medios de comunicación e unha gran emigración son os fenómenos que caracterizan a situación a comenzos do século XIX dende un punto de vista económico.

A nivel social obsérvase o predominio dunha sociedade de tipo estamental, pero comezan a xurdir voces que fan súas as propostas dos ilustrados franceses e pretendan instaurar no noso país unha sociedade moito más aberta, na que a burguesía xogaría un papel fundamental. A propia invasión francesa acelera o proceso de construcción unha nova sociedade que terá expresión legal na obra das Cortes de Cádiz.

A Guerra da Independencia acarreou a posta en cuestión das bases sobre as que descansaba a monarquía. As loitas entre os partidarios da volta a España de Fernando VII e os afrancesados marcan a nivel político este período. Na España que rexeitaba a política napoleónica, que era a inmensa maioría, o proceso estivo marcado por un proxecto de transformación revolucionaria da sociedade e o Estado propios do Antigo Réxime. A primeira encarnación dun poder sobre novas bases frente ao do Antigo Réxime representábanno as Xuntas.

## COMENTARIO

Establecer a cantidade de moeda de cobre que debe acuñarse na Fábrica de Moeda de Xuvia é o obxectivo principal deste informe. Aspectos como a circulación monetaria, a produción doutras Casas de Moeda do territorio peninsular ou a localización dos xacimentos metalíferos de Galicia son cuestións de gran importancia que teñen o seu reflexo neste documento.

A pesar de que os datos que se poden obter do estudio da documentación xenerada en épocas anteriores ofrecen unha visión moi próxima dos acontecementos, debemos estudialos con moita precaución dado que algúns dos datos poden non axustarse á realidade. Un exemplo claro disto que estamos a decir é a afirmación de que a moeda de cobre foi a primeira que coñeceron e utilizaron os romanos. A día de hoxe está establecido que foron o ouro, a prata e

o electron<sup>2</sup> os primeiros metais empregados para a elaboración dos numismas por ser os que presentaban as mellores condicións para o seu traballo. Sen embargo sí é certo que se estableceu un sistema no que as acuñacións en ouro eran para a realización de pagamentos de maior entidade, a prata para as negociacións de un precio moderado e o cobre para as de natureza menor. Este sistema mantívose durante moito tempo.

A circulación monetaria e a distribución das diferentes moedas é quizais o aspecto máis importante que menciona o texto. Sabemos que no momento no que se elabora este informe a zona galega está libre da influencia francesa; sabemos tamén que as Casas de Moeda de Madrid e Sevilla acuñan moeda de ouro e prata única e exclusivamente. Por outro lado a única Ceca que emite moeda de cobre, a de Segovia, está en máns dos franceses e acuña moeda a nome de Xosé I, polo tanto non é difícil imaxinar que este tipo de moeda, destinada a pagos de pouca importancia e que circula con maior facilidade, está a escasear. A Xunta Superior non é insensible a este problema e toma a decisión de establecer unha nova Casa de Moeda miúda no noroeste peninsular.

Despois de visitar varios posibles emplazamentos deciden aproveitar os Reais Establecimentos de Xuvia, perfectamente acondicionados para recibir un encargo de tal magnitud. Establecer a cantidade de moeda que debe saír dos seus obradoiros é unha das principais preocupacións da Xunta Superior e o que a leva a solicitar a elaboración dun informe no que constase a cantidade de moeda que circula no país, canta é de cobre, e cal é a cantidade real que se precisa. Este informe é o que presentamos hoxe, e ten como principal obxectivo evitar a superabundancia de moeda, o que podería ocasionar graves trastornos á economía do país.

O documento ofrece unhas cantidades, queremos pensar que aproximadas, sobre o numerario que circulaba en España a finais do século XVIII. O feito de que existan este tipo de cálculos indica a preocupación do Goberno por controlar de forma ríxida a producción monetaria co fin, sen dúbida, de evitar a devaluación, como sucedeu durante o reinado de monarcas anteriores. Coñecendo a complicación que adía de hoxe supón establecer a cantidade de moeda que pode circular nun país queremos, cando menos, indicar os resultados dos traballos auspiciados polo Conde de Gausa<sup>3</sup> sendo conscientes de que deben ser tomados con moita precaución como indicamos anteriormente. No texto se establece que para o conxunto do país circularía a cantidade de oitenta millóns de pesos fortes, mentres que para Galicia, tendo en conta o seu volume de poboación e a industria, se estima a sexta parte ou o que é o mesmo, un total de trece millóns de pesos fortes.

---

<sup>2</sup> É unha aleación que recolle Plinio na súa **Historia Natural**, que consta de catro partes de ouro e unha de prata.

<sup>3</sup> Fai referencia a don Miguel de Muzquiz y Goyeneche, primeiro Conde de Gausa, encargado durante moitos anos do Ministerio de Facenda.

En canto á cantidade de moeda de cobre que está en circulación, tendo en conta novamente a natureza dos pagos que se efectúan con ela e a equivalencia que debe existir en relación coa cantidade de moeda de prata que tamén circula, calculan un total de tres millóns de pesos ou sesenta millóns de reais. Determinado isto faltaría por establecer qué cantidade de moeda de cobre é a que fai falla realmente, chegando á conclusión de que sete ou oito millóns de reais serían más que suficientes para Galicia.

A escasede moeda, tanto de ouro e prata, coma de cobre, ocasiona unha práctica perigosa para estabilidade monetaria; a refundición das moedas se está a convertir nun fenómeno común en todo o territorio peninsular pero que se produce de forma máis habitual no norte como consecuencia do feito que antes mencionamos. Anque o número de moedas que están en circulación aumenta, a calidade e o peso disminúe poidendo chegar a rozar a cuñaxe fraudulenta.

Solventar este problema e evitar o desequilibrio entre os tres metais que constitúen a base do sistema monetario español, ORO – PRATA- COBRE<sup>4</sup>, é outro dos factores que fixeron posible o establecemento desta nova Casa de Moeda.

Unha vez establecida a cantidade de moeda que se debía poñer en circulación o Consulado pasa a considerar outro problema importante que ten que ver coa materia prima necesaria para proceder á acuñación de moeda.

A Península Ibérica caracterizouse dende a época antiga por ser un territorio moi rico en canto a xacementos metalíferos; a súa posta en explotación foi unha tarefa que ocupou seriamente aos diferentes gobiernos<sup>5</sup>, e os materiais logrados eran exportados a moitas partes de Europa sendo moi apreciados pola súa extraordinaria calidade.

As minas do centro e sur da Península gozaron dunha maior atención por parte destes gobiernos empregando para a súa explotación os medios máis modernos e adecuados; no norte a situación era moi distinta, eran poucas as minas explotadas e a forma de explotación era a tradicional. A práctica inexistencia de vías de comunicación que permitiran a súa colocación no mercado español e europeo perxudicou o desenvolvemento desta actividade, si ben é certo que na zona de Ourense sí se explotaron con éxito algunas minas.

De tódolos xeitos as mellor dotadas para a súa explotación atopábanse en territorio francés sendo polo tanto imposible contar co metal que producían, por outro lado a precariedade das comunicacións non facían viable, polo elevado custo que suporía, o traslado de metal dende outras zonas productivas. Poñer a

<sup>4</sup> Este sistema permanecerá vixente ata o ano 1848.

<sup>5</sup> O estudio e aproveitamento daquellas rexións mineiras como Almadén ou Guadalcánar foi encargado polo Goberno español a don Guillermo Bowles. Este naturalista irlandés realizou estudos e observacións por tódolos lugares da Península Ibérica que recorreu durante moitos anos. A súa obra *Introducción a la Historia Natural y la Geografía de España*, foi publicada por primeira vez en 1775 e reeditada en 1782 e 1798.

producir as minas que existían en Galicia suporía un desenvolvo económico importante, calcular si resultaba rentable tomar esta medida foi outra das tarefas coas que se tivo que enfrentar a Xunta Superior do Reino, consciente por outro lado de que a situación bélica estaba tomando un rumbo que beneficiaba os intereses nacionais. De todos xeitos non deixan de ofrecer información sobre a localización das minas de cobre susceptíbeis de seren explotadas, atopándose as principais no val de Valdeorras, nas cercanías da Rúa, nas montañas Cervantes, nas inmediatas a Navia e no lugar de Valiñares, non lexos de Mondoñedo.

Para rematar o noso comentario somentes nos quedaría por facer referencia ás persoas que firmaron este informe. A nosa búsqueda neste sentido non acadou os resultados desexados agás no caso de Josef Lucas Labrada, ilustre ferrolán coñecido pola súa faceta de historiador. Destaca a súa obra *Descripción económica del Reyno de Galicia* editada en Ferrol no ano 1804.

## A CECA DE XUVIA. ESTUDIOS ANTERIORES

Tratar o tema da numismática en Galicia supón enfrentarse a unha serie de problemas derivados da pouca atención da que goza esta disciplina. Non dispoñemos dunha obra seria de carácter xeral que poida servir de referencia e punto de partida das investigacións anque poderíamos citar a firmada por **JAIME PAZ BERNARDO**<sup>6</sup>, publicada en 1991, que presenta unha catalogación das moedas acuñadas en Galicia; algúns autores consideran que non se pode tomar como unha obra de referencia obrigada.

Sobre a situación dos estudos numismáticos en Galicia destacamos a obra de **OROL PERNAS**<sup>7</sup>; ofrece unha visión crítica sobre a situación da numismática galega, non esquecendo mencionar os problemas que existen e que impiden un mellor desenrollo desta disciplina; sendo unha obra importante advertimos sobre a ausencia de traballos importantes que non aparecen incluídos.

Moito máis recente, do ano 1999, é o traballo de **PITA FERNÁNDEZ**<sup>8</sup> titulado *Numismática galega. A moeda en Galicia e Galicia na moeda*.

No ano 1858 publícase *Noticia sobre la Fábrica de Cobrería y Antigua Casa de Moneda de Jubia*, de don **RAMÓN RÚA FIGUEROA**, conservado hoxe na Biblioteca Nacional. A pesar da súa antiguedade o lector comprobará a seriedade coa que foi realizado este estudio que ben podría ser un informe sobre o funcionamento da fábrica. Aspectos técnicos, económicos, relacionados coa producción, datos de productividade, recursos materiais e humanos necesarios

<sup>6</sup> PAZ BERNARDO, Jaime; *Las monedas acuñadas en Galicia*. Barcelona, 1991.

<sup>7</sup> OROL PERNAS, a. «Numismática gallega», *IV Congreso Nacional de Numismática*, Alicante, 1980, *NUMISMA XXX, 1980*, págs. 227-242.

<sup>8</sup> PITA FERNÁNDEZ, R. L.; *Numismática galega. A moeda en Galicia e Galicia na moeda*. Tórculo Ed. Santiago de Compostela, 1999.

para o funcionamento do centro e incluso o consumo son tratados con gran meticolosidade. Sorprende realmente atopar un traballo desta índole.

Máis recentemente, no ano 1991 sae á luz o libro de **JUSTINO FERNÁNDEZ**<sup>9</sup>, unha historia dos Reais Establecimentos de Xubia, na que se abordan as diferentes etapas polas que pasou este centro aportando todo tipo de datos así como as principais fontes consultadas. Ao noso entender é o mellor traballo sobre os Reais Establecimentos de Xubia e de consulta obligada para todos aqueles que desexen coñecer ao desenrollo deste importantísimo centro fabril galego.

Estes traballos aportan datos de distinta natureza non so relacionados co que é o proceso de acuñación; coñecemos os nomes dos directores, dalgúns empregados, o volume de produción, e dalgunha maneira os problemas cotiás deste centro.

Xa moi anterior e non tan completo (ano 1978), é o traballo de **GAMBÓN FILLAT**<sup>10</sup>, no que fai referencia a etapa na que estos establecimentos baten moeda, pero se trata dunha referencia moi breve, dando maior protagonismo á época na que se adicaba a outras actividades más relacionadas co sector naval e militar.

Temos para finalizar o traballo de **PITA FERNÁNDEZ**<sup>11</sup> de moi recente publicación; é un estudio bastante exhaustivo e moi ben documentado.

Para abordar o estudo desta ceca, e por tratarse dun establecimento que funciona únicamente en época contemporánea, contamos con moitas e moi variadas fontes de información sen ter que recurrir as propias moedas ou traballos publicados anteriormente e que en moitos casos non aportan nada novo á investigación; referímonos a documentación que so a época contemporánea pode aportar a este tipo de estudios; cartas, telegramas, fotografías, etc, resultando moi interesantes para estudiar aspectos esquecidos, e que non deixan de ser curiosos, relacionados con este centro monetal. Podemos saber de forma totalmente verídica e a partir de información de primeira man, por exemplo, porqué se decidiu o seu emplazamento en Ferrol, as actividades que se levaron a cabo neste establecimiento antes de convertirse en Casa da Moeda; os problemas existentes para a súa apertura, o coste e a procedencia da maquinaria e dos metais que se empregaban para a elaboración da moeda, a forma na que era trasladada a materia prima á ceca, as persoas involucradas na vida diaria do establecimiento, e incluso como eran os seus edificios facendo uso da fotografía ou dos planos realizados para presentar o proxecto de construcción; en definitiva poderíamonos chegar utilizando testimonios en primeira persoa a case tódolos aspectos relacionados co funcionamento dun centro deste tipo na época contemporánea,

---

<sup>9</sup> FERNÁNDEZ, J.; Segundo Centenario dos Reais establecimentos de Xubia. De fábrica de cobreira a centro textil. 1791-1991. Cuadernos Ateneo Ferrolán. Año 9. Nº 7. 1991.

<sup>10</sup> GAMBÓN FILLAT, P.; «Fábrica de Moeda de Xubia» en: *Revista General de Marina*. Año 1978. Diciembre. Tomo 195. Páx. 527-533.

<sup>11</sup> PITA FERNÁNDEZ, R. L.; *A Real Casa da Moeda de Xubia, breve historia e catálogo das súas acuñacións*. Tórculo Ed. Santiago de Compostela, 1996.

pero tamén en momentos anteriores xa que anque esta actividade non escapou ós avances técnicos producidos na súa época, en xeral é unha actividade que conservaba o seu aire tradicional.

Existe numerosa documentación no Arquivo do Concello de Ferrol, no Arquivo do Reino de Galicia, no Arquivo Histórico Nacional, no Arquivo de Simancas e no Arquivo Xeral da Armada Viso del Marqués; ademáis a prensa desta época ofrece noticias case a diario sobre o acontecer da fábrica, servindo a súa consulta para completar a visión ofrecida pola documentación particular do centro. Todo isto é susceptible de estudio e podería axudar a escribir unha nova e atractiva historia sobre Reais Establecimentos de Xubia.

## OS REAIS ESTABLECIMENTOS DE XUVIA

A enorme superficie ocupada por este importantísimo centro fabril albergou diferentes actividades ademáis da acuñación de moeda como imos ver. A fábrica vive a complicada e irregular vida social e política da España do século XIX, cada un dos acontecimentos más importantes da nosa historia contemporánea deixará a súa pegada no día a día da fábrica.

A súa primeira etapa abarca os anos 1803-1805, se caracteriza pola **elaboración de pranchas de cobre** ademáis de intentar suministrar os materiais que neses intres precisa a Mariña. Esta actividade durou moi pouco tempo.

No 1805 se suspende a produción ata o ano 1809, no que a Xunta Suprema decide facela complementaria da Fábrica de Armas de Fogo que se ía crear no Arsenal de Ferrol. Uns meses máis tarde a Xunta Suprema de Armamento e Defensa de Galicia transformaraa en **Fábrica de fusís, baionetas, caixas e chaves** pero nesta actividade apenas traballa uns cantos meses.

Despois dun tempo de inactividade, as Cortes de Cádiz transfórmansa nunha **Fábrica de moeda miúda de cobre**. Estamos xa no ano 1811, e cinco anos máis tarde, no 1816, fai compatible a actividade de cuñaxe coa de cobrería.

Esta dobre actividade mantense ata 1827, cando se pecha a cuñaxe e queda a fábrica centrada na súa ocupación inicial. Despois duns poucos anos, no 1833 recupera a fabricación de moeda de cobre, mantendo esta produción monetaria ata 1866.

A súa última fase como Fábrica Real, 1866-1868, adícaa de novo á acuñación, mentres sigue suministrando de produtos de cobre ós arsenais da Mariña. Son tempos de intranquilidade ata que finalmente no ano 1868 se pecha o establecimiento.

En 1873 pasa a ser propiedade privada. Neste momento abandona a produción metalúrxica para centrar a súa actividade na produción textil chegando esta actividade ata os nosos días.

De todas as etapas polas que pasou este establecimiento, a que máis nos interesa aquí, atendendo á naturaza do documento que imos presentar, é o momento no que se adica a bater moeda miúda; isto sucede a partir de 1810/1811 e ata 1868.

## CRONOLOXÍA HISTÓRICA DA CASA DE MOEDA DE XUBIA

A ceca de Xubia<sup>12</sup> é a única ceca contemporánea de Galicia e a de máis recente actividade. A súa primeira emisión prodúcese no ano 1811, abandonando o batemento de moeda coa emisión de 1868.

O día 12 de marzo de 1811 sae un decreto das Cortes Xerais polo que se insta ó Consello da Rexencia a que se abra unha nova Casa da Moeda de Cobre. Nun decreto posterior se marcan as pautas a seguir polos gravadores á hora de facer os cuños.

O día 9 de novembro deste mesmo ano, se dispón que a nova ceca sexa situada na Fábrica de Xubia, para aproveitar desta maneira as instalacións xa existentes. Esta medida foi provocada pola guerra que se levaba a cabo contra os franceses, que impedía recibir axudas pecuniarias do Goberno do Reino, ademais a Casa da Moeda de Segovia estaba tomada polos franceses e acuñaba moeda a nome de XOSÉ NAPOLEÓN I.

Finalizada a ocupación de Segovia por parte das tropas francesas, esta ceca retoma a acuñación de moeda de cobre a nome de don FERNANDO VII, polo que a Real Fábrica de Xubia perde parte da súa importancia.

Por cartas e documentos hoxe conservados, semella que as máquinas destinadas á acuñación non estiveron rematadas ata 1812, ano en que os organismos oficiais encargados reciben as primeiras probas para a súa aprobación. Por tanto é lícito pensar que as moedas con data de 1811 foron acuñadas en 1812 con cuños elaborados anteriormente.

O único valor datado neste ano é o de oito marabedís, única moeda que sairá ininterrumpidamente ata o primeiro peche da fábrica.

A marca que identifica as moedas acuñadas en Xubia ata 1850, no reinado de ISABEL II, consiste nunha J ou ben unha J cun pequeno A na parte superior, situado no anverso ou no reverso da moeda, dependendo da emisión.

En 1822 se produce un cambio no sistema de amoedación, se sustitúe o antigo de faixas por un novo consistente en prensas accionadas por volantes. Desta maneira se mellora o aspecto estético e se perfecciona a acuñación. Tamén se cambia o idioma das lendas das moedas. A moeda de oito marabedís labrada neste ano será a primeira saída da Fábrica de Xubia que non utiliza a lingua latina, senón a castelá. Con todo, nos anos seguintes haberá alternancia entre o uso de ámbalas dúas linguas.

---

<sup>12</sup> A primeira referencia escrita que atopei sobre estos establecimentos, na súa primeira etapa na que eran propiedade da Marina Real, data de 1804; Lucas Labrada, na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia*, Ferrol 1804 indica o seguinte: «En Neda hay dos fábricas de harina, adonde se trabajan al año unas 2590 fanegas de todas calidades, y una de papel ordinario cerca de esta población. También se estableció aquí una sumtuosa fábrica de planchas de cobre, para aforros de los buques de la Marina Real, cuya dirección se ha confiado S.M. al Sr. don Eugenio Izquierdo, Director del Real Gabinete de H<sup>a</sup> Natural de Madrid.» Nestes mesmos establecimientos situárase pouco tempo despois a Fábrica de Moeda Miúda de Cobre.

Dous anos máis tarde (1824) sae á circulación a primeira moeda de un marabedí emitida na Real Fábrica de Xubia, e única do reinado de don FERNANDO VII.

Pola Real Orde do 8 de xuño de 1827 se dicta a paralización da acuñación na Real Fábrica de Xubia, centrando a súa labor na elaboración de folla de lata. As moedas emitidas neste ano son as últimas que saen da Casa da Moeda de Xubia a nome de don FERNANDO VII.

En 1833 se dispón que se retome a acuñación; neste ano falece o rei don FERNANDO VII que será sucedido pola súa filla dona ISABEL II.

Retómase a fabricación de cobrería e prepárase o instrumental e os novos cuños para as primeiras emisións da moeda corrente con busto e lendas alusivas a nova raíña. Trala reapertura sae á circulación a primeira tirada desta nova etapa. A ceca mantén o seu traballo ininterrumpidamente ata o ano 1850.

Coñécese unha medalla labrada en 1843 para conmemorar a proclamación de ISABEL II como maior de idade. Ainda que hoxe non é posible confirmalo pode ser que esta medalla chegara a ter, con posterioridade, valor libratorio a xulgar polo avanzado estado de desgaste en que aparece con frecuencia e que sería más propio dunha moeda corrente que dunha medalla.

Por orde do día 15 de abril de 1848 prodúcese o primeiro cambio no sistema monetario. Desaparece o vello baseado nas equivalencias COBRE- PRATA-OURO (marabedí- real- escudo) e se establece o que será o primeiro sistema decimal de moeda en España, co «real» como unidade monetaria e as súas divisións en «décimas de real».

No mes de setembro de 1850 suspéndese a acuñación na Real Fábrica de Moeda, quedando a súa labor limitada á elaboración de pranchas e cravos metálicos. As moedas de cobre circulantes en Galicia acuñadas nos anos posteriores sairán na súa maior parte da Fábrica de Segovia.

No Proxecto de Lei do 10 de maio de 1864, se dispón un novo cambio no sistema monetario español, que dará lugar á aparición do «escudo» como unidade. Baixo este novo sistema serán acuñadas as derradeiras moedas saídas á circulación dende a Real Fábrica de Xubia.

Nestas moedas a marca de ceca, identificativa do lugar de acuñación, será unha estrela de catro puntas, que aparece no anverso e reverso de cada peza.

Mediante o Real Decreto do día 19 de outubro de 1868, establecése o que fora ata hai pouco o último cambio no sistema monetario español, dando lugar á «peseta» como unidade dividida en cen «céntimos»; acuñándose as moedas de prata e ouro en Madrid, e as de cobre inicialmente en Barcelona. As restantes Casas da Moeda de España deixan, dende este momento de funcionar definitivamente, o que supón o remate dunha actividade acuñatoria en Galicia inaugurada moitos séculos atrás<sup>13</sup>.


<sup>13</sup> O remate da actividade de acuñación coincide co peche total da factoría, que non voltará a funcionar ata a perda da titularidade pública.

Bello Platas, A. I.

## AS MOEDAS DE XUVIA

Durante o reinado de FERNANDO VII, a partir de 1811 acuñáronse en Xuvia moedas de oito, catro e dous maravedíes. No seu anverso presentaban a cabeza espida do rei mirando á dereita no centro da moeda e arredor a inscripción FERDIN.VII.D.G.HISP.REX coa data de emisión; o valor da moeda e o distintivo da Ceca «J». Rodeando o conxunto un círculo de liñas radiais que forman o diámetro da moeda.

No reverso coroa de laurel e no seu interior a cruz do infante Don Paio e nos ocos castelos e leóns. Na parte central do conxunto un óvalo con tres flores de lis. Un gravado de liñas radiais rodean a composición.



En época de ISABEL II acúñanse maravedíes desde 1840 ata 1850 por valor de oito, catro, dous e un maravedí. No anverso presentan o busto da raíña mirando á dereita detrás 8 e diante M. A lenda ISABEL 2<sup>a</sup> POR LA G. DE DIOS Y LA CONST.

No reverso a lenda REYNA DE LAS ESPAÑAS. J<sup>a</sup>, o escudo con castelos e leóns, as tres flores de lis e a cruz do infante Don Paio.



Durante os anos 1866, 1867 e 1868 acuñanse céntimos por valor de cinco, dous e medio, un e medio céntimo de escudo. No anverso o busto da raíña á dereita e a lenda ISABEL II POR LA GRACIA DE DIOS Y LA CONST e a data.

O reverso presenta a inscripción REINA DE LAS ESPAÑAS 2\_CENTIMOS DE ESCUDO, escudo coronado, castelos e leóns e debaixo as siglas OM. A marca de ceca é dúas estrelas de catro puntas en ámbalas dúas caras.



## ANEXO

### TRANSCRIPCIÓN DO DOCUMENTO

*Exmo. Señor*

*En papel de 31 de Mayo anterior manifestó V.E á / este Consulado habersele comunicado con fha de 23 de Abril/ precedente una Rl. orden que entre otras cosas previene que / V.E. de acuerdo con este Consulado, fixe hasta que cantidad de / moneda de cobre deberá acuñarse en la Rl. Fábrica que de ella / va a establecerse en este Rno.*

*Este cuerpo no puede desde luego dexar de hacer presente / a V.E. que sus conocimientos para el desempeño de un encargo tan delicado, y los datos de que al efecto puede echar mano / distan mucho delos que deben hallarse entre los individuos y / oficinas dela Rl. Junta de Comercio y Moneda, a cuyo cuerpo se ha encargado exclusivamente este ramo y otros, por / Rl. Decreto despachado por el Sr. D. Felipe 5º. en el año de / 1728 que fue el de su erección: allí se ha tratado y arreglado / desde entonces la materia con el acierto y buen celo que es / notorio; y así aunque las desgraciadas circunstancias del / dia habran ocasionado que algunos delos individuos de que / se componía el cuerpo y los papeles de sus archivos se hu / biesen extraviado, deberá contarse siempre con los que exis / tan, y se hubiesen fugado a Cadiz, para consultar alo me / nos lo poco que sobre el particular pueda decir a V.E este / consulado.*

*La moneda de cobre fue la primera que conocieron y / usaron los Romanos hasta unos cinco años antes dela / primera guerra punica, en que principiaron a acuñarla / de plata; las Naciones septentrionales que se erigieron / sobre sus ruinas tardaron algun tiempo en hacer uso del / oro; pero posteriormente con motivo delos progresos que / ha hecho la industria se convinieron las Naciones comer / ciantes en acuñar el oro para los pagamentos de mas / consideración, la plata para las negociaciones de un / precio moderado, y el cobre para las menores. Desde enton-/ ces han sido varios los Reglamentos expedidos para fixar / la proporcion que debia haber entre los valores relativos de / estos tres metales; pero siempre parece que los Gobiernos/ han querido que fuese en razon inversa de la abundancia de las minas y delos trabajos de su elaboracion.*

*Los detalles de estos valores sobre no ser esenciales pa-/ra el objeto actual se pueden ver por extenso en varios eco-/ nomistas nacionales y extrangeros; bastando solo saber/ que la España como dueña delas minas que principalmte./ proveen ala Europa de metales preciosos es elogiada delos / mismos extrangeros por la religiosidad que ha observa-/ do desde la erección de dicha Junta de comercio y Mone- / da en quanto al titulo de ellas, conociendo que la menor / variacion, o la menor incertidumbre a este respecto influi/ ria notables daños al comercio del mundo entero, que / recive de esta Potencia la mayor parte de dhos metales.*

*Conservar pues este equilibrio y no desmerecer dela / buena opinión que goza la Nacion en esta parte en / beneficio suyo y delas demas, deben ser las miras que / nos han de conducir para la fabrica dela moneda de / cobre; y para ello es indispensable averiguar dos cosas/ harto difíciles en todos tiempos, pero mas particular-/ mente en los actuales: primera ¿Quanta moneda de / cobre circula en el dia en la Nacion libre? y segunda/ ¿Qué cantidad de esta es la que hace falta? Problemas que enbuelben en el concepto del Consulado dificultades inmensas, y que por lo mismo solo tratará de resol-/ berlos con alguna aproximación, que tal vez hallaran / muy remota los que posean datos mas positivos.*

*El Exmo. Sor. Conde de Gausa que por espacio de / unos veinte años ha sido Ministro de Hacienda acia/ el fin del Siglo pasado, deseando saber a quanto ascen / dia el numerario que circulaba en España ha exitado/ el celo de algunos sujetos dela mayor instrucción que / le rodeaban para que procurasen averiguarlo; y en / efecto después de prolixas discusiones encontraron que / la cantidad que andaba en circulación en la Peninsula/ se reducia a ochenta millones de pesos fuertes. De esta / cantidad no sera fuera de razon fixar en Galicia la / sexta parte, con concepto a su población e industria, / y en esta inteligencia podremos contar con mas de / trece millones de aquellos circulando en el Rno. Pero / ¿qué parte de ellos deberá ser en moneda de cobre? Esto / es lo mas difícil de saber; sin embargo aventuraremos / conjeturas.*

*Esta clase de moneda como llevamos ya asentado no / tiene mas objeto que el de facilitar el trato por menor/ y el pago delos quebrados dela plata; todo lo que vale / menos de un real de vellon debe satisfacerse con mo-/ neda de cobre: y en*

este concepto parece que siendo regu/ larmente del valor de dos maravedis la moneda mas / pequeña de cobre que circula se habra de calcular de / este modo. Delos trece millones de pesos que preceden / debe haber quando menos seis en todas especies de / monedas inferiores de plata, y de estos debera haber / tambien alo menos la otra metad, esto es, tres millones / de pesos o sesenta millones de rs. en monedas de cobre./ Pero ¿qué parte de estos es la que nos hace falta? Ahi / está el segundo punto que es preciso averiguar; y en / el qual es indispensable al consulado proceder tan a / tientas como en el que procede.

Es cosa bien sabida que aunque hasta aquí hubo / tres casas de Moneda en España, una en Madrid, otra / en Sevilla y la otra en Segovia, solo en las dos prime / ras se fabricaban las de oro y plata, habiendo quedado / la de Segovia reducida muchos años hace ala fabri-/ca de monedas de cobre; sabemos tambien que en / España se miraba con alguna negligencia la refun/ dicción dela Moneda; y sabemos por ultimo que en/ Galicia no dexo de hacerse algo sensible de algun ti/empo a esta parte la falta dela de cobre. Sin em-/bargo aun suponiendo como no se duda que en la / ley dela que se intenta hacer se observe toda la reli-/giosidad debida, evitando los males espantosos que/esta ilegalidad ha producido en tiempo delos Sres. Re-/yes D. Felipe 3º y 4º, afines del Siglo 16 y Princ.- / pios del 17 cree el Consulado que bastara hacer la / cantidad de siete u ocho millones de rs. observando des- /pues la proporcion en que queda en la circulación/ con las demas de oro y plata cotexada con la actual, / dela qual se procuraran tomar informes aora y enton/ces, delos sujetos que cobran en los puestos y venden/por menor en los estanquillos rentas y efectos correspon/ dientes a S M; siempre que no sea posible tomar me/jores datos dlos individuos que hubiesen sido miembros/ de dicha Junta de Comercio y Moneda, como va expu/ esto. Y de este modo se podran evitar los malos efectos / que puede producir la superabundancia dela circula/ cion de dicha moneda de cobre desproporcionada con / la que tambien circule de oro y plata; los cuales son / indispensables en el caso de que su fabrica pase mas / adelante dela cantidad prefixada: pues entonces baja /ra precisamente el valor relativo de ella en razon de / su mayor volumen, y dela dificultad de su transporte / cotexado con el dela plata; sin que sea bastante para / contener esta baja la buena ley de la fabricación.

No obstante de que VE en el mencionado papel / no indica si para dicha fabrica se ha de aprovechar / algunas de las minas de cobre que hay en este Reyno/ mayormente hallandose por aora en poder del ene/migo las demas de este metal existentes en España,/ de que da razon D. Guillermo Bowles, no cree el con/ sulado por demas manifestar á VE. que por varias/ noticias recogidas sobre el particular por este Cu / erpo, se encuentran en el valle de Valdeorres, y señala/ damente alas cercanias dela Rua, en las montañas de/ Cervantes, en las inmediatas a Navia, y asimismo en / lugar de Valiñares, no lexos de Mondoñedo.

El calcular si los considerables gastos del estable- / cimiento y tal vez los dela elaboracion de dichas minas/ de cobre, podran ser preferibles ala expectativa muy bien / fundada en que estamos de que queden libres los pue- / blos adonde desde

Bello Platas, A. I.

*muchos años hace estan establecidas/ las Fabricas de Moneda, solo por tener adelantada la/ fabrica de unos siete u ocho millones de rs. en dicho/ metal; son materias que precisamente habra tenido / muy bien presentes el Govierno para decidirse alo pri-/ mero; y por lo mismo contempla el Consulado haber / satisfecho el informe que sele pide; concluyendo con / asegurar á V.E. que la moneda es solo un signo/y que la verdadera riqueza consiste en el fomento de /la agricultura y dela industria, y no en el aumento de / los signos; los quales en ultimo resultado van a parar / siempre a manos del agricultor y del artesano.*

*Nuestro Señor gue. A V.E ms. as. Coruña/ 5 de Junio de 1811./ Exmo. Señor. Juan Baupta. De Larragoiti/ Andres Muñiz/ Josef Lucas Labrada .../ .....Sarmto.*

*Exmo. Sr. Presidte. y Sres. de la Junta Supor. de este Rno.*

## BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F.; «Los estudios de numismática en Galicia: problemas y perspectivas.» En: *VIII Congreso Nacional de Numismática*. Avilés 1-4 abril 1992. Museo Casa de la Moneda. Madrid, 1994. Páx. 551-560.
- FERIA, R.; «Problemas actuales en los estudios numismáticos. II Archivo y Exposición.» En: *VIII Congreso Nacional de Numismática*. Avilés 1-4 de abril 1992. Museo Casa de la Moneda, Madrid, 1994.
- FERNÁNDEZ, J.; *Segundo Centenario dos Reais establecimentos de Xubia. De fábrica de cobrería a centro textil. 1791-1991*. Cuadernos Ateneo Ferrolán. Año 9. Nº 7. 1991.
- GAMBÓN FILLAT, P.; « Fábrica de Moneda de Jubia». En: *Revista General de Marina*. Año 1978. Diciembre. Tomo 195. Páx. 527-533.
- LUCAS LABRADA, J.; *Descripción económica del Reyno de Galicia*. Ferrol 1804.
- OROL PERNAS, A.; «Artículos Reunidos». En: *Numisma*. Nº 231. Julio- Diciembre 1992.
- PAZ BERNARDO, J.; *Las monedas acuñadas en Galicia*. Barcelona, 1991.
- PITA FERNÁNDEZ, R. L.; *A Real Casa da Moeda de Xubia, breve historia e catálogo das súas acuñacións*. Tórculo Ed. Santiago de Compostela, 1996.
- PITA FERNÁNDEZ, R. L.; *Numismática galega. A moeda en Galicia e Galicia na moeda*. Tórculo ED. Santiago de Compostela. 1999.
- RÚA FIGUEROA, R.; *Noticia sobre la fábrica de Cobrería y Antigua Casa de Moneda de Jubia*. Madrid, 1858.
- SCHULZ, G.; Descripción Geognóstica del Reino de Galicia. Imprenta de los Herederos de Collado, Madrid 1835.
- VAAMONDE LORES, C.; «De monetaria gallega». En: *Boletín de la Academia Gallega*. 1935. Páx. 113-118.